

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	2018/2019	5	160	160

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ESTRELLA MARÍA GARCÍA GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este deseño curricular corresponde ao módulo profesional CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DEPENDENCIA do Ciclo Medio en ATENCIÓN AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, pertencente a Familia Profesional SERVIZOS SOCIOCULTURALS E Á COMUNIDADE, cunha duración de 2.000 horas, impartido no CIFP COMPOSTELA en Santiago de Compostela (A Coruña).

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.
- c) Realizar as tarefas de hixiene persoal e vestidura das persoas en situación de dependencia, achegando a axuda precisa, favorecendo ao máximo a súa autonomía nas actividades da vida diaria e mantendo cara a elas unha actitude de respecto e profesionalidade.
- d) Organizar a intervención relativa á alimentación, supervisando os menús, preparando os alimentos e administrándoos en caso necesario.
- e) Xestionar a documentación básica e o orzamento da unidade de convivencia, cun óptimo aproveitamento dos recursos e asegurando a viabilidade da xestión económica.
- f) Realizar as actividades de mantemento e limpeza do domicilio, garantindo as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado do ambiente e, de ser o caso, tramitando a documentación pertinente.
- g) Realizar as intervencións relacionadas co estado físico das persoas en situación de dependencia, seguindo as pautas establecidas e amosando en todo momento respecto pola súa intimidade.
- h) Realizar os traslados, as mobilizacións e o apoio á deambulación das persoas en situación de dependencia, empregando os protocolos e as axudas técnicas necesarias, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual (PAI) e adoptando medidas de prevención e seguridade.
- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.
- j) Dar resposta a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da actividade profesional, aplicando técnicas de primeiros auxilios.
- k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, e seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual.
- l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar persoas en situación de dependencia, familiares e persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.
- p) Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos,



utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.

q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.

r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.

s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.

t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas, no contexto laboral e no ambiente.

v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

w) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.

x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o aumento de persoas maiores na nosa comunidade e a diminución de cuidadoras informais, faría previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable, se ben o actual escenario socioeconómico pode frear a demanda de persoas altamente cualificadas para tarefas de atención.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observaba nos últimos anos vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria tamén unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

A presente programación concreta e adapta o currículo do módulo ao contorno socioeconómico e características do alumnado do ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do CIFP COMPOSTELA.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Autonomía e dependencia	Esta é unha unidade introdutoria, na que se tratan os conceptos básicos referidos á autonomía persoal e á valoración da situación de dependencia.	38	20
2	Características e necesidades das persoas maiores.	Esta unidade céntrase no colectivo de persoas maiores; nas súas características e necesidades específicas, nas medidas para promover a súa autonomía persoal e nos factores relacionados coa aparición da dependencia.	43	24
3	Características e necesidades das persoas con discapacidade.	Nesta unidade identifícanse as características e necesidades das persoas con discapacidade ou diversidade funcional, centrándose nos apoios que se poden requirir para acadar ou mellorar a súa autonomía persoal.	44	28
4	Doenzas xeradoras de dependencia	Esta unidade está dedicada á análise das necesidades de apoio máis comúns entre as persoas con enfermidades xeradoras de dependencia.	17	11
5	Características e necesidades das persoas con enfermidade mental	Nesta unidade identifícanse as características e necesidades de apoio das persoas con diferentes tipos de doenzas mentais.	18	17



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Autonomía e dependencia	38

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o concepto de autonomía persoal, para o que analiza os factores que interveñen tanto na súa prevención e promoción como na súa deterioración.	SI
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbonse os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.
CA1.2 Caracterizáronse as habilidades de autonomía persoal.
CA1.3 Identifícanse os factores que favorecen ou iniben o mantemento da autonomía persoal e a vida independente.
CA1.4 Descríbonse as principais alteracións emocionais e de conduta asociadas á perda de autonomía persoal.
CA1.5 Identifícanse os indicadores xerais da perda de autonomía.
CA1.6 Xustificouse a necesidade de respectar a capacidade de elección da persoa en situación de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia.
CA1.8 Valorouse a importancia da familia e do medio do suxeito no mantemento da súa autonomía persoal e o seu benestar físico e psicosocial.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
0CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de psicoloxía: ciclo vital e procesos cognitivos, emocionais e de conduta.
Autonomía e dependencia. Vida independente: concepto, orixe e filosofía. Autodeterminación. Identificación dos graos e niveis de dependencia. Indicadores xerais da perda de autonomía.
Habilidades de autonomía persoal.
Promoción da autonomía persoal. Procesos básicos e factores influentes: Prevención da perda de autonomía. Identificación de barreiras físicas e psicosociais para a autonomía das persoas.
Factores que favorecen ou iniben o mantemento da autonomía persoal
Alteracións emocionais e de conduta asociadas á perda de autonomía.
Valoración da prevención e a promoción da autonomía persoal como estratexia de actuación fronte á dependencia.
Sensibilización acerca da importancia de respectar a capacidade de elección das persoas en situación de dependencia.



**Contidos**

Papel da familia e do contorno no ámbito da autonomía persoal e a dependencia.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Características e necesidades das persoas maiores.	43

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os niveis de dependencia e as axudas requiridas asociados ao proceso de avellentamento, e analiza os cambios e as deterioracións producidas por el.	SI
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.
CA2.2 Identifícanse as patoloxías máis frecuentes na persoa anciá.
CA2.3 Descríbense as principais características e necesidades das persoas anciás.
CA2.4 Identifícanse as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.
CA2.5 Relacionáronse os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.
CA2.6 Descríbense as condutas e os comportamentos característicos das persoas anciás durante o período de adaptación ao servizo de atención á dependencia e ao persoal profesional de referencia.
CA2.7 Identifícanse as necesidades de orientación e apoio das persoas cuidadoras familiares e non profesionais da persoa anciá.
CA2.8 Valorouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas anciás.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Proceso de avellentamento.
Patoloxías máis frecuentes na persoa anciá.
Incidencia do avellentamento na calidade de vida e na autonomía da persoa anciá.
Identificación das necesidades especiais de atención e apoio integral das persoas anciás. Indicadores de deterioración persoal e social na persoa anciá. Evolución do contexto socioafectivo e da sexualidade da persoa maior. Calidade de vida, apoio e autode
Apoio e orientación ao persoal cuidador non profesional das persoas anciás.
Proceso de adaptación da persoa anciá ao servizo de atención e ao persoal que a atenda: condutas e comportamentos característicos.
Sensibilización cara ás repercusións do avellentamento na vida cotiá das persoas anciás e no seu ámbito.
Respecto pola capacidade de autodeterminación nas persoas anciás.







#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Características e necesidades das persoas con discapacidade.	44

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.	SI
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a evolución do concepto de discapacidade cos cambios sociais, culturais, económicos e científico-tecnolóxicos.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.
CA3.3 Descríbóronse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.
CA3.4 Relacionáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.
CA3.5 Identificáronse os fundamentos da vida independente.
CA3.6 Descríbóronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal cuidador non profesional da persoa con discapacidade.
CA3.7 Argumentouse a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Concepto, clasificación e etioloxías frecuentes. Evolución dos modelos da diversidade funcional: modelo da prescindencia, rehabilitador social e da diversidade.
OSensibilización acerca da incidencia da discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas e o seu ámbito.
Identificación das características e as necesidades das persoas con discapacidade.
Discapacidade, autonomía e niveis de dependencia. Influencia dos tipos e niveis de discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas. Tipos de apoio.
Influencia das barreiras físicas na autonomía das persoas con discapacidade.
Promoción da autonomía nas persoas con discapacidade.
Vida independente: concepto (perspectiva filosófica, sociopolítica e económica) e marco legal. O movemento vida independente: orixe, evolución, filosofía e marco legislativo.
Apoio e orientación no ámbito da persoa con discapacidade.



**Contidos**

Consideración das diferenzas sexuais na discapacidade.

Participación e discapacidade.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Doenzas xeradoras de dependencia	17

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padeczan.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.
CA4.2 Identificáronse as principais características e necesidades psicolóxicas e sociais de pacientes con doenzas xeradoras de dependencia.
CA4.5 Identificáronse as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padeczan.
CA4.6 Describíronse as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.
CA4.7 Describíronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.
CA4.8 Sensibilizouse sobre a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Conceptos fundamentais: doenzas crónicas xeradoras de dependencia.
Situacións de dependencia asociadas a doenzas crónicas ou dexenerativas.
Identificación das características e as necesidades en situacións de doenza e da convalecencia.
Apoio e orientación ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.
Sensibilización cara ás repercusións da doenza nas persoas que as padecen e no seu ámbito.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Características e necesidades das persoas con enfermidade mental	18

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.
CA4.4 Describiuse a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
0CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Persoas con doenza mental. Principais trastornos. Influencia da doenza no estado emocional e na conduta da persoa. Calidade de vida e necesidades de apoio das persoas en situación de dependencia por doenza.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo Características e necesidades de persoas en situación de dependencia evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Os mínimos que se detallan a continuación serán, por tanto, a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

RA1. Caracteriza o concepto de autonomía persoal, para o que analiza os factores que interveñen tanto na súa prevención e promoción como na súa deterioración.

CA1.1. Descríbóronse os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.

CA1.2. Caracterizáronse as habilidades de autonomía persoal.

CA1.3. Identifícanse os factores que favorecen ou inhiben o mantemento da autonomía persoal e a vida independente.

CA1.4. Descríbóronse as principais alteracións emocionais e de conduta asociadas á perda de autonomía persoal.

CA1.5. Identifícanse os indicadores xerais da perda de autonomía.

CA1.7. Argumentouse a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia.

RA2. Clasifica os niveis de dependencia e as axudas requeridas asociadas ao proceso de avellentamento, e analiza os cambios e as deterioracións producidas por el.

CA2.1. Relacionáronse os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.

CA2.2. Identifícanse as patoloxías máis frecuentes na persoa anciá.

CA2.3. Descríbóronse as principais características e necesidades das persoas anciás.

CA2.4. Identifícanse as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.

CA2.5. Relacionáronse os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.

CA2.6. Descríbóronse as condutas e os comportamentos característicos das persoas anciás durante o período de adaptación ao servizo de atención á dependencia e ao persoal profesional de referencia.

CA2.7. Identifícanse as necesidades de orientación e apoio das persoas coidadoras familiares e non profesionais da persoa anciá.

RA3. Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.

CA3.1. Relacionouse a evolución do concepto de discapacidade cos cambios sociais, culturais, económicos e científico-tecnolóxicos.

CA3.2. Relacionáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.

CA3.3. Descríbóronse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.

CA3.4. Relacionáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.

CA3.5. Identifícanse os fundamentos da vida independente.

CA3.6. Descríbóronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa con discapacidade.

RA4. Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.



- CA4.1. Caracterizáronse as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.
- CA4.2. Identificáronse as principais características e necesidades psicolóxicas e sociais de pacientes con doenzas xeradoras de dependencia.
- CA4.3. Definíronse as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.
- CA4.4. Describiuse a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.
- CA4.5. Identificáronse as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padezan.
- CA4.6. Describíronse as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.
- CA4.7. Describíronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e no traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas e en base aos seguintes criterios:

Para a avaliación dos contidos conceptuais realizarase una proba individual de coñecemento, escrita e/ou oral, que poderá ser de diverso tipo (test, preguntas breves, caso práctico...). No caso de realizar varias probas nun mesmo trimestre, será a media aritmética das notas obtidas a que dará a cualificación final da avaliación trimestral. En todo caso, a cualificación de cada unha das probas deberá ser igual ou superior a 5. A efectos de calcular a devandita media, e de forma excepcional, poderase ter en conta unha cualificación inferior a 5 (e nunca por debaixo dun 4). Os contidos conceptuais suporán un 40% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo que se realizarán na aula e fora dela, servirán para avaliar os procedementos. Nestes traballos valorarase a estrutura e dominio de contidos, a dinámica de traballo, a exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedimentais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 40% da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 20% da cualificación final do módulo.

Para a valoración de actitudes teránse en conta os seguintes criterios de avaliación:

- CA1.7. - Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade)
- CA1.8. - Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.
- CA1.10 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
- CA1.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
- CA1.12 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.
- CA2.5. - Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
- CA2.8. - Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
- CA3.5. - Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas

A cualificación de actitudes realizarase a partires dos datos obtidos a través de rexistros anecdóticos, fichas de autoavaliación do alumnado, fichas de control realizadas polos diferentes grupos de traballo e pola observación directa e diaria na aula. Os datos obtidos trasladaranse a unha ficha individual de indicadores, que valorará as actitudes demostradas en función dos seguintes criterios:

- Sempre: o alumno/a non ten ningún rexistro negativo en dito ítem.



- Habitualmente: o alumno/a ten 1 ou 2 rexistros negativos en dito ítem.
- As veces: o alumno/a ten 3 ou 4 rexistros negativos en dito ítem
- Nunca: O alumnado ten 5 ou 6 rexistros negativos en dito ítem.

No caso de que un alumno/a teña máis dun ítem calificado como "nunca" non poderá alcanzar unha cualificación positiva na parte actitudinal da cualificación final, o que suporá a non superación da avaliación correspondente.

#### CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

Polo tanto, a nota final de cada avaliación calcularase sumando as cualificacións obtidas en cada un dos apartados seguintes:

- Avaliación de conceptos (40%).
- Procedementos (40%).
- Actitudes (20%).

Para superar cada avaliación, será necesario obter unha puntuación mínima de 5 tanto na parte conceptual como na procedimental, e non ter mais dun ítem cualificado como "nunca" na parte actitudinal.

#### CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO

Para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións aprobadas.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas nas diferentes avaliacións (unha vez aprobadas).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

Dacordo co sinalado nos criterios de cualificación, para superar cada avaliación o alumnado deberá superar a parte conceptual, procedimental, e actitudinal en cada unha das avaliacións correspondentes.

- No caso de non superar a parte conceptual, e despois de levar a cabo as medidas de reforzo necesarias, o alumno/a deberá realizar unha nova proba, relacionada cos criterios de avaliación non superados. Esta proba, poderá coincidir coa proba final do módulo.

-No caso de non superar a parte procedimental, e despois de levar a cabo as medidas de reforzo necesarias, o alumno/a deberá repetir os produtos cualificados negativamente, ou realizar outro/s similares relacionados co criterio de avaliación correspondente.

-No caso de non superar a parte actitudinal, e despois de levar a cabo as medidas de reforzo necesarias, o alumno/a deberá demostrar un cambio de actitude ao longo do seguinte trimestre, e no caso de tratarse do último trimestre, a avaliación considerarase non superada, polo que deberá realizar as actividades de recuperación correspondentes.

#### PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DO MÓDULO

No suposto de que as medidas de reforzo tomadas ó longo do curso fosen insuficientes e algun/a alumno/a non superase o módulo, faranse



actividades de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente.

As actividades de recuperación terán un carácter marcadamente global e individualizado e incluírán as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitar que o alumnado poida acadar os niveis mínimos esixidos. Tal e como marca a normativa vixente, concretaranse para cada alumno/a nun informe individualizado, que tomará como referencia os criterios de avaliación non superados e os contidos non adquiridos.

Estas actividades poderán consistir na presentación de traballos individuais onde se reflectan os coñecementos demandados, e/ou na realización de unha ou varias probas finais escritas e/ou orais.

O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período da súa realización, e da data en que será avaliado.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Determinación da perda do dereito a avaliación continua:

- Tal e como se establece nas Normas de Organización y Funcionamento (NOF) do CIFP COMPOSTELA: ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas." Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establececese para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

Polo tanto, neste módulo establécese un total de:

-16 Faltas sen xustificar

- 8 Faltas xustificadas

O alumno/a será apercibido/a cando as faltas sen xustificar superen o 6% da duración do módulo: 9 faltas de asistencia sen xustificar.

A comunicación de perda do dereito a avaliación continua, realizarase cando as faltas sen xustificar do alumno/a superen o 10% da duración do módulo: 16 faltas de asistencia sen xustificar

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

**PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** para o alumnado que perde o dereito de avaliación continua:

Tal e como indica o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011, O alumnado que perde o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente. No obstante, o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial. Podendo non permitir a realización de determinadas actividades prácticas a aqueles alumnos alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Para poder presentarse tanto ás avaliacións parciais coma ao exame final e ou proba extraordinaria. O alumnado deberá ter entregados tódolos





traballos exixidos (cumprindo os requisitos especificados polo profesorado).

A proba de avaliación extraordinaria constará de:

O exame poderá incluír cuestións de diferente tipo de resposta: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento de cuestións relacionadas cos contidos do módulo, traballados ao longo do curso.

Para aprobar este exame é requisito imprescindible aprobar a parte correspondente a cada avaliación, cunha nota mínima de 5, e dicir, é necesario aprobalas tres avaliacións conxuntamente, do contrario o exame estará suspenso (non se efectuará a media entre as tres avaliacións).

2ª parte da proba: proba escrita de carácter práctico, que consistirá na realización dun suposto práctico correspondentes ao módulo a examinarse.

Para aprobalo módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 en cada unha das partes, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

### SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilízase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

Ademais do recollido no párrafo anterior, o seguimento da programación levarase a cabo de xeito continuo a través do caderno de aula. As anotacións recollidas neste facilitarán a realización do seguimento da programación mensual a través da aplicación informática.

### AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente levarase a cabo en varios momentos. De xeito continuo ao longo do proceso recollendo información daqueles aspectos que non funcionan ou sexa necesario mellorar, para facelo no momento se a situación o permite. Ao final de cada trimestre desenvolverase unha avaliación conxunta co alumnado sobre o desenvolvemento do módulo. Nesta, entre outros temas, recolleranse datos e contrastaranse co alumnado sobre a propia práctica docente. Teranse en conta os seguintes temas:

- ¿ Metodoloxía utilizada.
- ¿ Obxectivos específicos acadados en cada UD e nivel de asimilación dos contidos e procedementos que interveñen.
- ¿ Nivel de adquisición dos resultados de aprendizaxe logrados realmente polo alumnado en relación aos programados/esperados.
- ¿ Pertinencia dos criterios de avaliación programados.
- ¿ Actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- ¿ Explicacións realizadas na aula/taller: idoneidade, adecuación, pertinencia
- ¿ Materiais e recursos utilizados.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A tal efecto, realizarase un cuestionario de avaliación inicial que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

B1.- Fai unha lista exhaustiva de todas as necesidades que tes ao longo das 24 horas dun día.

B2.- Cres que hai algún xeito de previr a dependencia? Razona a túa resposta.

B3.- Elixes a opción que consideres axeitada: Unha persoa que non sexa capaz de satisfacer por si mesma as súas necesidades, diremos que é:

- Discapacitada
- Minusválida
- Dependente
- Incapaz

B4.-Que imaxe das persoas maiores se mostra nos medios de comunicación habitualmente? Como a valoras ti?

B5.- Bótalle imaxinación: crea un slogan para fomentar o uso da internet entre os nosos maiores.

B6.- Que entendes por autonomía?

B7.- Saberías poñer tres exemplos de Actividades básicas da vida diaria e de Actividades instrumentais

B8.-Aplicado ao ámbito da atención a persoas dependentes que entendes por atención integral?

B9.- Que entendes por promoción da autonomía persoal?

B10.- Que entendes por persoas con diversidade funcional?

B11.- Coñeces algunha axuda técnica dispoñible no mercado para previr, compensar, mitigar ou neutralizar unha deficiencia, discapacidade ou minusvalía?

B12.- Podes debuxar unha pirámide de poboación que amose a situación de España neste intre?

B13.-Cada ovella... coa súa parella. Relaciona:

- |                 |             |
|-----------------|-------------|
| - Deficiencia   | -Actividade |
| - Minusvalía    | -Sociedade  |
| - Discapacidade | -Corpo      |

B14.- Con que colectivo ou colectivos gustaríache traballar como técnico de atención a persoas en situación de dependencia?Por que?

B15.- Gústache máis traballar en equipo ou individualmente? Porque?

B16.- Que che gusta facer no teu tempo libre?

B17.-Menciona tres tipos de barreiras físicas e tres barreiras de tipo psicosocial

B18.-Que lle suxire a seguinte cita:¿Envellecer é como escalar unha gran montaña, mentres sobes as forzas diminúen, pero a mirada é máis libre, a vista máis ampla e serena¿. Ingmar Bergmar

B19.-Saberías diferenciar o coidado formal e o coidado informal

B20.-Cita algún trastorno mental ¿ enfermidade mental que coñezas



B21.-Por que cres que un TAPSD é un dos profesionais que ten máis probabilidade de padecer o que se coñece coma o Síndrome do profesional queimado?

B22.-Que che suxire a seguinte cita.¿ Vivimos nunha sociedade acelerada, que promete felicidade a través de falsas imaxes de normalidade baseadas na aparencia, estética, utilidade, produtividade.....Como consecuencia produce moitas frustracións¿. Anónimo

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15: "De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime modular de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

De forma xeral neste módulo implantaranse, conforme ás necesidades detectadas, medidas de reforzo educativo, tanto curriculares como organizativas:

- Tendo en conta a posible discapacidade física dun alumno/a (xordeira, cegueira, deficiencia motórica,...), será necesaria a adecuación no acceso o currículo.
- Tamén poderán adecuarse compoñentes básicos do currículo (contidos, metodoloxía, recursos), incidindo directamente na programación, en base ás problemáticas concretas:
  - Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades didácticas.
  - Planificación de actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
  - Tendo en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
  - Creación dun clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
    - Creación dun ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
    - Métodos alternativos de ensinanza-aprendizaxe.
    - Maior tempo para a consecución dos obxectivos
    - Actividades diversas diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.
    - Deseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.
    - Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais do alumnado.
    - Materiais adaptados ás súas necesidades.



-Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos coa participación de todos os alumnos e alumnas

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo traballarase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro.

Para este módulo podemos destacar:

1. Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
2. Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
3. Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
4. Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
5. Educación para o consumo responsable: Fomentarse entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
6. Interculturalidade: Traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares decídense na primeira xuntanza de equipo docente e reféndanse na primeira reunión de departamento. Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe, previstos no currículo. Desenvolveranse a través de visitas a diferentes organizacións, empresas ou institucións, relacionadas co ámbito profesional do futuro técnico/a e charlas nas que participarán profesionais relacionados sector produtivo da atención á dependencia.

Para maior concreción das ACF podemos sinalar as seguintes recollidas nas actas de equipo docente e de departamento:

Propónse como actividade complementaria para realizar o longo do curso, dirixida a todo o alumnado afectado por esta programación, que consistirá en: Axudas técnicas, ASPAS San Marcos, DOMUSVI, ONCE (Coruña ou Pontevedra), ASPRONAGA, CEE Príncipe Felipe, Fonte da Virxe, ASPANAES, BATA, Centro de promoción da autonomía persoal de Bergondo, Geriatros Pontepedriña. Charla da intelixencia emocional e



estimulación temperá. Obradoiro de masaxe....

- Charlas (dentro ou fóra do centro) impartidas por especialistas e expertos nas temáticas traballadas no módulo.

- Calquera actividade que poida xurdir ao longo do curso e que a docente considere oportuna de cara ao desenvolvemento do módulo.

Ademais das actividades complementarias e extraordinarias propostas, o grupo de alumnos participará activamente nas actividades que terán lugar no centro con motivo da celebración do Magosto, Nadal e Entroido, así como calquera outra que poida xurdir ao longo do curso e que poida ser considerada de interese para o alumnado, previa consulta e aprobación polo Departamento.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Relación de bibliografía que se propón como axuda no desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe do módulo.

FERNANDEZ BARUTEL L., ALMEIDA SANCHEZ, J.: Características y necesidades de las personas en situación de dependencia Mc Graw Hill, Madrid. 2012

GULLEN, F et al Atención a personas mayores que viven en residencias. Madrid. IMSERSO. 1998

AGUADO, A.L., ALCEDO, M.A. e FONTANIL, Y. Las necesidades de las personas con discapacidad que envejecen Oviedo: Psicothema. 2005

ASTUDILLO, W., MENDINUETA, C., ASTUDILLO, E.: Cuidados del enfermo en fase terminal y atención a su familia. Navarra. EUNSA. 1997

Libro blanco: I+D+I al servicio de las personas con discapacidad y las personas mayores. Madrid. IMSERSO. 2003

SACKS, O.: Veo una voz: Viaje al mundo de los sordos. Anagrama. 2004

BERMEJO, P.P. (Coord): Discapacidad intelectual. Desarrollo, comunicación e intervención. De la teoría a la práctica. Madrid. CEPE. 2002

DIRK BRACKE: Labios silenciosos. Editorial Luis Vives, 2001

MONTSERRAT DEL AMO: La piedra de toque. Editorial SM, 25ª edición, 2004

RICARDO GÓMEZ: El cazador de estrellas Editorial Edelvives, Zaragoza 2003

MARK HADDON: El curioso incidente del perro a medianoche. Ediciones Salamandra, S.A., Barcelona, septiembre 2004

MITCH ALBOM: Martes con mi viejo profesor. Maeva ediciones, 13ª edición, Madrid, 2000

JAAP TER HAAR: El mundo de Ben Lighthart. Ediciones SM, Madrid, 2004

PACO ROCA: Arrugas. Editorial Astiberri, Bilbao, 2008

MARÍA GALLARDO E MIGUEL GALLARDO: María y yo. Astiberri, Bilbao, 2008

### 10.2) Plataforma educativa

Como espazo soporte utilizarase a plataforma educativa EDMODO; ferramenta que será usada como elemento de comunicación, onde se colgarán documentos xerais de importancia para o módulo (Programación, normas de entrega de traballos, cómo citar bibliografía e webgrafía,...), así como para avisos de importancia.

O seu obxectivo fundamental, sen embargo, é a organización da distinta documentación das UD's e a entrega de actividades; xerando, así, estudo-aprendizaxe en varios formatos, axudando a construír unha visión xeral e completa da materia e facilitando o manexo e revisión de toda a información incorporada na aula.

Será, polo tanto, utilizada como ferramenta didáctica na que será necesario cumprir coas normas establecidas polo docente en canto a: prazos, formatos de entrega de actividades, especificacións das tarefas, tipo de intercambio de información aceptada nos foros (só aceptada información académica),...